

UGT SOLICITA A FUNCIÓN PÚBLICA A AXILIZACIÓN DA RESOLUCIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS EN DESENVOLVEMENTO

Santiago de Compostela 11/07/2022

UGT ven de solicitar á Dirección Xeral da Función Pública poña os medios humanos e materiais precisos e necesarios para rematar coa situación do desenvolvemento dos procesos selectivos en curso, e se publiquen de forma inmediata as fases pendentes dos mesmos que dean seguridade xurídica ás persoas opositoras e aos procesos por desenvolver, coa prontitude debida e a celeridade acordada na norma aprobada nas sucesivas Comisións de Persoal, nas que se aprobaron as citadas OPEs.

Por medio do escrito rexistrado, comunicamos a situación de desenvolvemento dos procesos selectivos, dependentes da Dirección Xeral da Función Pública, dos que son contraste os seguintes datos que reflicte a páxina web da Consellería:

	ACCESO LIBRE	PROMOCIÓN INTERNA	QUENDA DISCAPACIDADE	TOTAL
P FUNCIONARIO	2.444	798	254	3.496
P. LABORAL	86	0	1	87
TOTAL	2.530	798	255	3.583

A desagregación por anualidades é a seguinte:

ANO	PRAZAS EN PROCESO	CONVOCADA FASE DE MÉRITOS	EN BAREMO PROVISIONAL	RESOLUCIÓN ASPIRANTES QUE SUPERAN PROCESO
2017	31	3		
2018	761	761		
2019	1.073	438	635	133
2020	528	35	222	52
2021	393			
2022	794			

Podemos entender que a acumulación de procesos selectivos leva a un atasco sen precedentes nesta Administración, asumimos que a pandemia tivo efectos negativos no desenvolvemento dos mesmos, **pero non podemos entender nin comprender como non se dota de efectivos á Dirección Xeral da Función Pública**, que sexan en **contía suficiente para poder desenvolver a encomenda de traballo que se precisa**. Recentemente modificouse a **Relación de Postos de Traballo da Consellería de Facenda e Administración Pública**, procedendo a mesma á **creación de postos**, que claramente se demostran **insuficientes para a carga de traballo, como así o amosan os datos, motivo polo que UGT no votou a favor**.

As **persoas aspirantes** a unha praza pública teñen o **dereito de que se aplique a celeridade** que se aproba todos os anos nos **criterios de desenvolvemento da OPEs**, UGT non pode entender nin **asumir** con resignación unha **cuestión tan grave como a exposta**.

Incluídos no decreto, polo que se aproba a **oferta de emprego público extraordinaria** de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración Xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao **proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021**, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, **contémplase no seu artigo 6**, aprobado na **Comisión de Persoal do pasado 24 de xuño**, os **criterios xerais de aplicación** dos procesos selectivos e entre eles o de **axilidade** dos mesmos.

Anexamos, na solicitude á Dirección Xera da Función Pública, unha **táboa** que, salvo erro ou omisión non desexada, contén o **estado de desenvolvemento de todos e cada un dos procesos selectivos convocados desde o 2017 ata o ano 2022**, solicitando a **inmediata publicación das fases pendentes**, ante a resposta verbalizada nas derradeiras xuntanzas pola Dirección Xeral.

Podes acceder ao cadro resumo de desenvolvemento dos procesos selectivos premendo neste enlace:

CADRO RESUMO

DESENVOLVEMENTO OPEs 2017-2022